



# INSTRUCCIONES DE SEGURIDAD

**ASCTEC PELICAN**



1. Ao pilotar o vehículo aéreo non tripulado (UAV) debe sempre actuarse con bo xuízo, tendo en conta a seguridade das persoas no contorno de voo.
2. O UAV debe ser pilotado dacordo á lexislación vixente. É responsabilidade única do piloto estar informado sobre as restricións de voo aplicables. Algúns exemplos poden incluír: obrigación de manter a liña de visión, voar unicamente en espazo aéreo non controlado, limitación de altitude máxima ou necesidade de obter un permiso previo por parte da autoridade competente.
3. Debe comprobar o sistema antes de cada voo empregando a "lista de comprobación previa ao voo" ("Preflight Check") proporcionada polo fabricante.
4. As hélices propulsoras poden causar serios danos persoais e materiais. Garde unha distancia de seguridade axeitada e/ou leve un equipamento de seguridade axeitado.
5. O UAV pode, en raros casos, sufrir fallos eléctricos, mecánicos ou de calquera outro tipo, que poden causar a perda total ou parcial da capacidade de voo. O piloto é responsable de executar todos os voos a unha distancia de seguridade das persoas, vehículos en movemento, etc., de xeito que, no caso de perder o control do voo, non se produzan danos persoais.
6. Operar o UAV preto de liñas de tensión, transformadores eléctricos ou outras áreas con grandes perturbacións electromagnéticas, así coma en cañóns urbanos, pode afectar seriamente á estabilidade do sinal GPS e/ou o sensor de campo magnético. O piloto debe ter o adestramento e a habilidade precisas para voar o UAV en "modo de altura" en calquera situación. É recomendable evitar este tipo de contornos problemáticos.
7. Non está permitido voar o UAV sen liña directa de visión.
8. Non se recomenda voar o UAV con vento superior a 10m/s. Teña en conta que as condicións de vento sobre o chan e no aire poden ser diferentes.
9. Non está permitido voar o UAV con temperaturas inferiores a 0° C ou superiores a 35° C.
10. Non se pode voar baixo choiva. O UAV non é resistente á auga.
11. Despois da ensamblaxe e antes do primeiro voo debe facerse unha comprobación do sistema empregando as listas de comprobación proporcionadas.
12. Non se recomenda transportar o UAV empregando contedores diferentes aos aprobados polo fabricante.
13. Non se recomenda empregar o UAV con outros dispositivos non aprobados polo fabricante (baterías e cargadores, cámaras, etc).
14. O fabricante non se responsabiliza do funcionamento do UAV se foi modificado. Nese caso, é responsabilidade do consumidor operar de xeito seguro co UAV.
15. É obrigatorio estar adestrado para operar o UAV en todos os modos de voo en condicións de seguridade e aeronavegabilidade.
16. Requírese dispor dun seguro acorde aos requisitos expostos polo regulamento CE 785/2004. O fabricante non se responsabiliza de ningún dano causado directa ou indirectamente polo UAV ou o seu piloto, por calquera medio.